

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 4 de novembro de 2007.-

Noticia do vello que subiu a unha montaña

Houbo un día un velliño que decidiu subir ao monte que se erguía detrás da súa casa. Ergueuse cedo pola mañá, preparou algo de comida, meteuna nunha mochila xunto dunha cantimplora chea de auga fresca, puxo a mochila ao lombo e despois de coller un caxato de madeira botouse a camiñar. Alguén lle contara que no cumio daquel monte descubríanse uns petróglifos e sempre tivera ganas de achegarse a velos. Camiñou, camiñou e camiñou durante case tres horas até que por fin acadou a meta da súa viaxe: unha serie de toscalleiros gravados que representaban unha escena de caza. Tres ou catro figuras humanas, non se vían moi ben de gastadas que estaban, corrían lanza en man detrás dunha manda de cervos con enormes cornamentas

Unha vez no cumio do monte o velliño sentiu que estaba moi canso, así que sentou nun penedo á beira dun daqueles fascinantes gravados que fora buscar. Estudounos con atención, palmo a palmo, e despois púxose a mirar ao seu arredor. A paisaxe presentábase aquel día inmensa porque non había néboa ningunha e o sol cuspiña encol dos montes a súa máis fachendosa luminosidade.

O vello decatouse de que se vían montañas e máis montañas unhas detrás das outras, e que canto máis próximas estaban máis verdes eran, e que canto máis lonxanas tornábanse máis grisallas, mentres que as máis afastadas semellaban esvaecerse fundidas co ceo. Dende aquel lugar privilexiado onde o vello sentara parecía que os cumios dos montes case podían collerse coa man coma se fosen pequenas miniaturas da paisaxe. Para chegar ás montañas máis lonxanas, pensou o

vello, habería percorrer moi longas distancias, tería que camiñar días e máis días sen parar, así que nunca vou poder alcanzalas.

O vello, que nunca saíra do val onde se asentaba a súa casa, estaba tan abraiado pola inmensidade da paisaxe que comezou a sentirse moi pequeno. Pensou que non era máis importante que calquera insecto que andase a camiñar por debaixo das súas botas enlamadas. Nunca nos seus anos de vida, que eran moitos, tivera un sentimento semellante. Dende o fondo do seu val non podía verse nada porque todo estaba agachado detrás das montañas.

Alí onde estaba sentado, pensou, á beira daqueles petróglifos rabuñados por quen sabe que man moitos, moitísimos, séculos atrás, pasaran moitas cousas. E pasaran antes de que el decidise subir á montaña, e moito antes tamén de que el nacera, e de que naceran seu pai, súa nai e os seus avós, e antes de que naceran os avós dos seus avós. E pasaran tamén antes de que ningún home e ningunha muller se asentaran a vivir no lugar onde se erguía a súa casa, que agora semellaba tan pequena vista dende o cumio onde agora estaba.

O vello sentiu a vertixe da historia mentes contemplaba aquela paisaxe, aqueles montes enormes que se divisaban en fronte súa, que foran testemuñas de todo canto acontecera no lugar. Agora cruzaba polo ar un avión a reacción, pero antes diso o único dono verdadeiro do ceo fora un miñado que saíra de caza. Vai ti saber, pensou o vello, cantos pés distintos, en épocas distintas, pisaron este mesmo chan que agora eu estou a pisar e cantos ollos distintos quedaron abraiados con esta paisaxe. Moito antes de que ningún home puidese pisar nada porque aínda non existía na Terra algo que puidese ser cualificado como humano estas montañas xa estaban aí a darlle forma a todo canto se vía dende o alto daquel cumio. Entón ao

vello asaltouno unha dúbida: Son eu quen está a contemplar a paisaxe ou é a paisaxe quen está a contemplarme a min?

Quen é o home, pensou, para alterar a terra, se non un ser diminuto que non vai pasar máis ca un minúsculo período de tempo nela? Non é xusto que nos creamos donos da paisaxe que nos rodea, que nos creamos donos absolutos da natureza!

Pertencemos á Terra, dixo para si mesmo, a unha Terra que non nos foi doada por ninguén como pertenza. No temos o máis mínimo dereito de facerlle dano ningún, máis ben temos a obriga de protexela, de perpetuar para sempre esta paisaxe que nos acolle durante as nosas vidas tan curtas. Quen sabe que criaturas poden subir no futuro a este mesmo cumio onde agora estou sentado? Quen sabe quen pode sentar neste mesmo penedo dentro de moitos séculos, cando quizais xa non quede nin rastro dos seres humanos?

Detrás das primeiras montañas que o vello albiscaba estendíase moi probabelmente a fermosura dunha ría. E seguro que tamén había outro mar detrás das seguintes montañas, porque a paisaxe sempre é unha equilibrada combinación de terra e de auga, desa auga que nos permite vivir, que fai que chova e que medren as árbores e as plantas. Quen ten dereito a facerlle ningún mal ás augas?

O vello volveu a vista cara ao petróglifo que se atopaba á beira do penedo onde estaba sentado e pensou que nunca máis podería contemplar o seu val coma o fixera antes de subir até o cumio da montaña.

Comezou a viaxe de descenso e sentiuse un home novo, moi novo, a pesares da súa avanzada idade.

© Xesús Constela Doce, 2007